



O Resurgimento do Divino Sainete

CADERNO
PEDAGÓGICO



O Rexurdimento do Divino Sante

Producido por



Espectáculo apoiado por



DEPUTACIÓN
OURENSE



Deputación de Ourense



Concello
de Pontevedra



Concello de AMES

Espectáculo financiado por



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

Espectáculo distribuido por





HISTORIA DA COMPAÑÍA

LaGriot'te é unha compañía galego-andaluza fundada e dirixida polo xestor cultural e director de escena Nazan L. Bamio e a actriz de teatro físico e directora de movemento Sandra Gade.

O nome da compañía non é trivial. A súa orixe resulta dunha homenaxe ás dinastías familiares de Griots existentes en África.

O Griot ou A Griot é a persoa encargada de manter viva a cultura e tradición do pobo ao que pertencen. Esta figura era a responsable de lembrar, e deste modo manter vivos, tódolos poemas, cancións, historias, lendas... que sucederan nun lugar. Un lixeiro esquecemento e o pobo quedaría ferido de por vida ao desprenderse da súa historia un anaco que lle pertencía.

Pese a que as homenaxes teñen algo de poético, no noso caso é decisión ideolóxica e política. A nosa razón de ser como compañía é a mesma que a existencia dos griots. Mergullarnos na memoria colectiva dun pasado remoto para traelo ao presente coa intención de relembra-lo como fomos para reflexionar como quen somos. Un teatro de memoria e popular (que teatro non é así) que mergulla naquela célebre frase de Jorge Agustín Nicolás Ruiz de Santayana y Borrás: "quen non coñece a súa historia está condenado a repetila".

Un teatro que non esquece para recordar as raíces do noso presente.



TRAXECTORIA

- Primeiro premio** por votación do público no FestelOff (Festival de Teatro Español en Londres)
- Terceiro premio** por votación do xurado no FestelOff (Festival de Teatro Español en Londres)
- Residencia artística** en espazos escénicos no territorio nacional 2021 **INAEM**
- Actuacións** ao longo do panorama **nacional** e **internacional**: Andalucía, Comunidade de Madrid, Castilla y León, La Rioja, Extremadura, Londres.
- Axuda á creación AGADIC 2024.**

INTRODUCCIÓN

Nos próximos días veredes a obra 'O Rexurdimento do Divino Sainete'. Unha versión contemporánea de 'O Divino Sainete' de Curros Enríquez.

*Este caderno pedagóxico está concibido cunha fin didáctica para estudantes e docentes que facilite o achegamento á obra "**O Rexurdimento do Divino Sainete**", á figura de **Manuel Curros Enríquez** e ó traballo teatral da compañía **LaGriot'te**; coa intención de permitir unha exploración maior no universo da produción e promover o teatro nas aulas.*

A través de esta guía obterás distintas actividades que se poderán realizar na aula, ademais de distintos comentarios e apreciacións sobre a obra que axudarán a preparar ao alumnado para a representación.

Sempre co obxectivo de estimular a curiosidade e imaxinación dos alumnos e alumnas. Que rico é o universo do teatro!





A OBRA

UNHA APROXIMACIÓN AO AUTOR



Pouco habería que engadir sobre o noso poeta, unha das principais figuras da época chamada 'O Rexurdimento'.


Nado en Celanova firmou un dos libros de poemas máis coñecidos: '*Aires da miña terra*'. Pero a súa produción literaria abrangue outros títulos e disciplinas coma: '*A virxe do cristal*', '*Cartas del norte*', '*El maestro de Santiago*' ou '*O Divino Sainete*'. Esta última obra é a versionada no noso proxecto xunto con outros textos do autor.

A vida de Curros Enríquez atópase intimamente ligada a súa obra. Un home cunha moral e ética incorruptibles.

O PROCESO

Da súa férrea liberdade xurdiron os primeiros problemas. Foi condenado no Xulgado de Ourense a 2 anos, 4 meses e un día de prisión ademais de a pagar unha multa de 250 pesetas por "atentar contra do libre exercicio dos cultos" en varios dos seus poemas da colección recollida baixo o título '*Aires da miña terra*'.

Outros momentos biográficos interesantes na vida de Curros é que foi correspondente de prensa no fronte da Guerra Carlista ou emigrado en Cuba nos albores da revolución cubana.



© DIVINO © SAINETE



'O *Divino Sainete*' é un poema de carácter satírico publicado en 1.888 que dende a súa primeira lectura atrapou á compañía, tanto polo seu estilo irónico á vez que poético, a imaxinación da narrativa e o reflexo punxente e actual da sociedade da súa época.

A obra orixinal, está dividida en oito cantos compostos por triadas de versos octosílabos e rima asonante que parodia ou fai homenaxe a unha composición ben coñecida da literatura universal: "*Divina comedia*" de Dante Alighieri.

Na peza, a un desencantado Curros aparécelle a Estadea capitaneada por Francisco Añón, gran poeta galego, quen o conduce nunha viaxe ata Roma no tren dos sete pecados, sendo cada vagón un pecado capital, para atoparse cara a

cara co Papa, León XIII, e contarlle as penurias que están a pasar por moitas decisións tomadas pola Santa Sé na época.

A peza orixinal xeroulle a Curros moitos problemas ao sinalar a persoas do seu entorno ou comportamentos e actitudes que non comprendía. Pero iso non evitaba que invitara á reflexión sobre o contexto da súa época.

A ADAPTACIÓN



O traballo da compañía comezou pensando como podería ter vixencia a obra na nosa actualidade; sobre que referentes apoiarnos para que o público comprenda con profundidade no só a nosa peza senón a capacidade de diálogo que aínda ten a obra de Curros Enríquez.

UN FONDO PERSOAL

Como xa comentáramos, na peza orixinal, Curros situou a distintas personaxes da súa época en cada un dos vagóns, pero, sen coñecer a biografía de Curros perdíase moita información que permitise entender por que están alí. Por iso, un dos traballos que se fixeron foi engadir anacos da biografía de Curros

integrados na peza que axudaran a crear o contexto.

NOVOS PERSONAXES

Por outro lado, engadimos dous personaxes: un xornalista e unha xornalista. Periodistas que están na procura da historia máis importante das súas vidas dun modo un tanto sensacionalista e non teñen reparos en retorcer a verdade se iso fai que pareza máis abraiante.

A presenza destes dous personaxes que non aparecen na obra orixinal, a parte de ser unha homenaxe ao propio Curros (quen foi xornalista), é unha forma de achegar a obra e o tema a nosa actualidade.

Coñeces algunha historia antiga que creas que non dialoga co noso tempo?

Antes de nada, determina o tema principal da obra. De que fala?

Que pasaría se cambiades algún dos personaxes en favor do tema? Quizais teñen outro oficio, outra idade, outra nacionalidade, outro xénero... Como cambia a historia?

DE QUE VAI A OBRA

*Unha xograresa, LaGriot'te, desencantada co teatro.
Dous xornalistas á procura dunha exclusiva dun modo
sensacionalista.*

E o xuízo á vida de Manuel Curros Enríquez.

*LaGriot'te, decidida a queimar o teatro para desfacerse
das historias, vese sorprendida pola aparición de Curros
cunha soa petición: acompañalo.*

*A nosa xograresa verase envolta nunha viaxe no tren dos
Sete Pecados dirección Jacobusland, corte penal última
da moralidade do Estado. En cada un dos vagóns un pecado
capital é representado a través de persoas e situacións
da vida de Curros.*

*Detrás deles, os Xornalistas, os perseguen retorcendo a
realidade para conseguir unha boa historia no nome da
verdade.*

*Un espectáculo visual, como os que caracterizan á compa-
ñía LaGriot'te, no que se traslada o universo creado por
Curros para falar de intolerancia, extremismo, censura e
autocensura, as guerras incivís que nos rodean, a corrup-
ción, moral ou económica... e todo a través da ironía, a
sátira e o humor.*

*Quizáis, o que dibuxou Curros na súa obra fai máis dun
século, non dista tanto dos nosos días. Ou sí?*

ALGÚNS TEMAS PRINCIPAIS DA OBRA

Que opinión tes sobre os seguintes temas? Compartide
as vosas ideas

A CENSURA

Intención de silenciar cer-
tos pensamentos por con-
sideralos perigosos. Pero...
***débese censurar a quen cen-
sura?*** Curros a sufriu nas
súas carnes por compartir
as opinións sobre temas que
lle preocupaban: o poder da
relixión, a mala situación
dos labregos, as guerras...

A TOLERANCIA


Como resolución aos proble-
mas. Na obra, Curros, que xa
está de volta de todo, non
cae nas garras das provo-
cacións de cada vagón: sabe
conterse, pero... ***tolerar non
é acadar, ou sí?***

A PRENSA

Cal debería ser o seu papel?
Unha información libre de
análises tendenciosos e ma-
nipuladores que non clari-
fican o horizonte da ver-
dade, senón que entorpecen
con sendeiros escuros o real.
***Que diferenza existe entre
una obra de ficción e unha
noticia sensacionalista?***

A CREACIÓN ARTÍSTICA

Como necesidade para so-
brevivir. Alento que está
en todos nós. Unha forma de
ver a vida con outros ollos
e non calar ante as inxus-
tizas. ***Que historia gusta-
ríache contar?***



A dramatic, low-key photograph of two figures in a dark environment. The figure on the left is a woman with white face paint and a headband, wearing a light-colored trench coat. The figure on the right is a man with a beard and glasses, wearing a dark trench coat and holding a small object. The scene is lit with warm, focused light, creating strong shadows and highlights. A semi-transparent white banner is overlaid across the middle of the image, containing the text "TRABALLO CREATIVO" in bold, black, sans-serif capital letters.

TRABALLO CREATIVO

A LINGUAXE TEATRAL DA COMPAÑÍA



O traballo que desenvolvemos na compañía LaGriot'te parte dunha concepción moi forte do traballo en equipo. Cada un dende o seu rol, dende a súa especialidade, aportará e sumará no resultado final.


Coma compañía sempre traballamos cunha ferramenta principal na creación dos espectáculos. Algo que todo o mundo ten e que se pode empezar a empregar dende xa para contar as nosas historias: o noso corpo. Elemento con gran poder evocativo.

O noso corpo pódese transformar, recrear espazos invisibles, amosar emocións profundas ou abrir portas á nosa imaxinación entre outras moitas cousas.

O corpo e o seu movemento, a súa xestualidade e a súa plástica son os elementos principais no noso traballo.

Os seguintes exercicios non pretenden ser un listado exhaustivo do traballo da compañía, pero si unha porta de entrada ao traballo teatral para alimentar a imaxinación dos estudantes e animar a que se compartan as nosas historias dende a creatividade e o xogo.

Onde máis poderemos amosar os nosos sonhos se non é enriba dunhas táboas?



TRABALLO EN GRUPO (FORMANDO A COM- PAÑÍA)

Unha das cousas máis importantes é promover o traballo en colectivo. A través de distintos xogos e exercicios pódese estimular a imaxinación do grupo e fomentar o seu traballo coma unha unidade. Esta é unha das tarefas máis delicadas pero máis gratificantes.

Que ledicia é ver unha com-

pañía de varios integrantes onde se nota que hai unha sinerxía potente entre as compoñentes da troupe. Tanto sexa para amosar escenas de amor, como de odio intenso.

Todo, como na vida, é acción e reacción, e para iso, é moi importante a conexión.

OBXECTO IMAXINARIO:

1. O grupo colocarase nun círculo e elixirase a quen comezará o exercicio.
2. Quen comece deberá imaxinar un obxecto e realizar unha acción recoñecible con ese obxecto imaxinario mimando os xestos. Non deberá desenrolar toda unha historia, senón simplemente realizar unha acción característica con ese obxecto.
3. Unha vez que a persoa da dereita entende que obxecto é e a acción que se está a realizar, comezará a facer a mesma acción co mesmo obxecto imaxinario para, pouco a pouco, imaxinar un novo obxecto e transformar os seus xestos nunha nova acción a realizar.

AS MÚLTIPLES CARAS DA REALIDADE:

Se o grupo é moi numeroso, divídeos en grupos máis pequenos de unhas 8-10 persoas. Pódese empregar calquera obxecto da aula, neste caso serán cadeiras. Coloca tantas cadeiras no escenario improvisado como alumnos/as do grupo. Cada grupo sairá a escena e o resto observarán o traballo dende fora.

1. Cada alumno/o do grupo sentarase nunha cadeira e probará de forma individual distintas formas de sentarse.
2. Unha persoa do grupo imaxinará que a cadeira é outro obxecto (un cabalo, un asento dun coche de carreiras, unha trincheira en metade dunha guerra...) e comezará a realizar os xestos correspondentes.
3. O resto do grupo, unha vez entendan que obxecto é e que está a pasar, transformarán a súa cadeira nese obxecto realizando os seus xestos.

Cantas formas distintas existen de facer unha mesma acción?

En cantos obxectos distintos pódese transformar un mesmo obxecto?

TRABALLO EN GRUPO (FORMANDO A COM- PAÑÍA)

TABLEAUX VIVANTS:

1. O primeiro alumno ou alumna sairá a escena, e ao chegar ao escenario fará unha acción específica, concreta e sinxela, co seu inicio e final, quedando en estatua, unha vez rematada a acción, co xesto que corresponda. (Por exemplo, sorpréndese por alguén que atopa, tira con arco, sinala ao sol, lávase os dentes...)
2. O seguinte participante sairá a escena e realizará outra acción que teña relación coa estatua que está no escenario. Pode que a acción do segundo participante teña que ver coa acción do primeiro, pero pode ser que só teña relación coa postura en estatua do primeiro participante. (Por exemplo, o primeiro sinalou algo, o segundo que entra, utiliza o dedo índice para colgar unha percha.)

Canto pode cambiar un espazo cun simple xesto.





CONSTRUCCIÓN DAS PERSONAXES

O noso corpo debe amosar unha imaxe que se achegue á representación do noso personaxe.

É importante que visualmente póidase entender o personaxe.

Na forma de traballar da compañía, a composición dos personaxes é un traballo fundamental. Eles e elas son os canais a través dos que os espectadores e espec-

tadoras conectarán coa historia.

Segundo o xénero ou estilo da representación (sátira, drama, traxedia, comedia, farsa...) este corpo en escena poderá ser máis esaxerado ou menos. Pódese partir de arquetipos como chulo, tímido, cociñeira, avara... ou de experiencias persoais que viviu o personaxe e tratar de recrealas, amosalas no noso corpo.

Para poder construír esas personaxes a través do corpo, traballamos a disociación do corpo segundo Étienne Decroux.

Dividimos o corpo en tres partes: cabeza, busto (inclúe peito, ombros e pescozo) e pelve. Cada unha destas partes, trabállanse con movementos de inclinación (arriba e abaixo) e movementos de translación (adiante e atrás).

Esta división e os seus movementos, permítenche encontrar o motor da personaxe, non só a nivel físico se non interno.

Cando o noso motor é a cabeza, traballamos o intelecto, o raciocinio da personaxe.

INCLINACIÓN		
CABEZA	ARRIBA	Reflexión aberta ao mundo
	ABAIXO	Reflexión introspectiva

*Na inclinación da cabeza, existe a particularidade de poder xogar con dous inclinacións: a cabeza e os ollos. De forma que se os ollos traballan na inclinación oposta á da cabeza, saen as seguintes características:

INCLINACIÓN	
CABEZA ARRIBA + OLLOS ABAIXO	Soberbia, créese por enriba dos demais, suspicacia...
CABEZA ABAIXO + OLLOS ARRIBA	Confrontación, intimidación...

TRANSLACIÓN		
CABEZA	ADIANTE	Curiosidade, descubrimento...
	ATRÁS	Prepotencia, todo o sabe, non hai cabida para a sorpresa...

CONSTRUCCIÓN DAS PERSONAXES

No busto encontramos os sentimentos e as emocións.

INCLINACIÓN		
BUSTO	ARRIBA	Amor, melodrama...
	ABAIXO	Cansazo, escepticismo...

TRANSLACIÓN		
BUSTO	ADIANTE	Vaidade, o centro do mundo son eu...
	ATRÁS	Introversión, dor...

A pelves, é a parte máis aferrada ás raíces onde residen as paixóns, o instintivo, o irracional.

TRANSLACIÓN		
PELVE	ADIANTE	Comodidade, valentía...
	ATRÁS	Medo, o mundo é hostil e imprevisible...

CONSTRUINDO PERSONAXES

1. Cada persoa do grupo escolle un lugar da aula co espazo suficiente para moverse sen tropezar cos compañeiros e compañeiras e nunha posición relaxada.
2. O profesor/a, dirá forte e claro 'HOP', sinal para que cada persoa do grupo elixa de forma rápida e sen pensar unha das partes do corpo como motor e recreen unha das posibles posicións que compoñan a personaxe (inclinación ou translación). Unha vez adoptada a posición e sen moverse do sitio, ese motor e a súa colocación contaminarán ao resto do corpo, creando desta maneira unha estilización da mesma e, polo tanto, un corpo novo.
3. Ese novo corpo, coas súas características, ritmo e dinámicas, empeza a camiñar polo espazo e a relacionarse co seu entorno. Cando teñan a personaxe ben debuxada, empezarán ademais a relacionarse co resto das personaxes do grupo xerando situacións concretas que permítenos ver o desenvolvemento do traballo das personaxes dunha maneira máis profunda.

CREANDO UNIVERSOS (© ESPAZO)

Unha das pezas importantes para a creación dunha obra teatral é o espazo onde se desenvolve, e para isto non é necesario contar con grandes decorados ou escenografías carísimas. O noso corpo pode crear os

máis maravillosos lugares. Os seguintes exercicios buscan estimular a imaxinación e a viveza no uso do espazo compartindo as enerxías do grupo e fomentando o traballo en equipo.

XOGANDO CON ESPAZOS REAIS:

1. Propón ao alumnado temas que recreen espazos pequenos que teñen que habitar. Por exemplo: 'atrapados no ascensor', 'prisioneiros nunha cárcere moi pequena', 'escondidos nun fallado diminuto'...
2. Deberán crear escenas moi curtas onde exploren a proximidade física ou como as persoas actúan en espazos limitados.

UN UNIVERSO NUN RECUNCHO:

Delimita o espazo de traballo a unha área de 1'50m. X 2'50m. Este será o lugar de actuación e en ningún momento poderán saír dos límites.

1. Propón ao alumnado temas que se refiran a grandes espazos ou que impliquen cambios de lugares. Por exemplo, unha viaxe, unha persecución, unha visita a un parque temático...
2. En grupos de cinco ou seis persoas, pídelles que investiguen o tema nese espazo pequeno e como poden crear a sensación dun espazo grande nun recuncho tan pequeno.

PAISAXES NO ESPAZO:

Faranse grupos de 5-6 persoas. Mentres un grupo amosa o traballo o resto serán espectadores e deberán adiviñar o espazo que están a representar.

1. Propón un lugar a cada grupo ou que o propio grupo decida un (un restaurante, un parque, un taller mecánico, unha estación...).
2. Cada grupo pensará accións que sexan características e recoñecibles dese lugar.
3. Ao facer a mostra, cada persoa realizará unha soa acción, creando así unha paisaxe.

Se as accións están ligadas unhas con outras, a imaxe do espazo é máis potente?

Por que hai accións que caracterizan un espazo? Isto danos máis información do lugar? (se é violento, calmo, excitante...)

XUNTANDO AS PEZAS

Este pode ser un exercicio final que sintetiza todo o aprendido no caderno pedagóxico pero... a imaxinación e as novas propostas, son sempre benvidas.

O máis importante é escapar do efectismo e mergullarse nas dificultades. A adversidade é a única forma de aprendizaxe, aínda que esta apareza a través dun xogo.

PAISAXES NO ESPAZO:

1. Organizarase a clase en varios grupos de 5-6 persoas. Cada grupo escribirá nunha folla unha historia que lle pasou recentemente ou algunha outra historia da literatura que coñeza. Poden ser resumos ou adaptacións de obras de Curros, pero que non supere unha folla.
2. Deste texto deben elixir catro momentos clave da historia.
3. Antes de mostrar a obra, deberán pensar o 'tableaux vivant' (coma no exercicio antes descrito) que mellor representa o momento clave elixido. Neste caso, non será improvisado, senón que estará pensado que xestos e composición facer.
4. Ademais deberán decidir que personaxes aparecerán en cada cadro. Poden ser só os protagonistas da historia escrita ou sumarse algún máis para potenciar o que está a suceder no tableaux vivant (por exemplo, máis xente mirando, xente a favor ou en contra, xente comentando o que sucede na acción principal...) pero sempre cunha composición corporal específica como adestramos.
5. E por último, determinar en que espazo ou espazos sucede a obra e seguindo o exercicio 'paisaxes no espazo' compoñer as accións necesarias para crear ese lugar.
6. Á hora de amosar o traballo, unha persoa do grupo será o narrador/a da obra, quen se encargará de ler o texto que escribiron parando en cada un dos momentos clave elixidos.

A REPRESENTACIÓN:

A representación organizarase da seguinte maneira:

- * O grupo entra no escenario e entre todos, recrean o espazo da historia.
- * O narrador/a tomará a acción e lerá o primeiro fragmento ata o primeiro momento clave. Momento que non le, senón que se representa co 'tableau vivant'.
- * Os actores e actrices que interveñan nese primeiro momento clave transformarán os seus corpos nos dos personaxes.
- * Comporán en escena o primeiro tableau vivant.
- * O narrador ou narradora retomarará a acción e lerá o segundo fragmento ata o segundo momento clave.

...E deste modo ata o final da historia.

Descobre as distintas formas de transitar de un momento ata o seguinte. Os ocos están para encher coa vosa imaxinación.

Que distintas relacións pode establecer o narrador/a co grupo?
Afecta á historia o tamaño do escenario empregado ou as posicións no espazo escollidas?
Que diferenzas atopas entre ler ou representar unha situación?

O Rexurdimento do
Divino
Sante

DISTRIBUCIÓN



981 58 28 36

info@culturactiva.org

FOTOS



TEASER



[LaGriot'te](https://www.facebook.com/LaGriot'te)

www.lagriotte.es
producciones@lagriotte.es
658 689282 / 675 421 636



[@lagriot_te](https://www.instagram.com/lagriot_te)